


ANTROPOLOXÍA: XÉNESE E DEFINICIÓN DA NATUREZA HUMANA

1. Introducción: A antropoloxía coma disciplina

Cando Kant no s. XVIII se preguntou “*que podo coñecer?*” (a resposta é a ciencia) “*Que debo facer?*” (a resposta é a ética) “*que podo esperar?*” (a resposta é a relixión) en realidade o que pretendía era indicar que a cuestión fundamental é “que é o *home?*” Pois toda a investigación filosófica xira en torno a algún aspecto que nos afecta. Facer antropoloxía é analizar ao ser humano no seu conxunto.

A antropoloxía coma disciplina distingue tres áreas de investigación:



A **antropoloxía física** estuda a evolución biolóxica do homo sapiens, está moi ligada á bioloxía, paleontoloxía, arqueoloxía e comparte método con estas disciplinas. A **antropoloxía cultural** analiza os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser o que somos, é a única que ten o seu propio método dividido en dúas partes: traballo de campo e observación participante. A **antropoloxía filosófica** tentará dilucidar e sistematizar que é o que nos fai humanos fronte a outros seres empregando métodos propios da filosofía.

2. A antropoloxía física

A perspectiva esencialista da filosofía grega dificultou o camiño para sospeitar que os seres vivos poden cambiar ou evolucionar ó longo do tempo. Así Aristóteles, sempre dende a idea dunha esencia das cousas herdada de Platón, iniciou unha serie de estudos sobre os seres vivos. As súas investigacións conducírono a unha clasificación do reino animal e vexetal en **especies e xéneros**. O resultado foi unha concepción da natureza denominada **fixismo**, postura que considera que as especies biolóxicas que coñecemos non experimentaron cambios dende a súa orixe.

O Cristianismo co **creacionismo** veu a apuntalar máis esta concepción fixista pois para eles a realidade foi creada por Deus perfecta e, polo tanto, non terían que cambiar nin mellorar. O **antropocentrismo** que se deriva da idea do home como ser creado por Deus á súa imaxe e semellanza, un ser a medio camiño entre o resto dos seres vivos e Deus, tampouco axudou a considerar esa posibilidade da evolución dos seres.

No s.XVIII Carl von Linneo deseñou un procedemento de clasificación de especies combinando criterios taxonómicos (clasificación que parte das características comúns entre os seres) que permitiu observar parentescos entre diferentes especies iniciando así a fin do fixismo coma doutrina dominante.

2.1 O transformismo de Lamarck

No ano 1809 publica na súa obra *Filosofía zoolóxica* unha teoría da evolución na que sostén que a necesidade que teñen as especies de adaptarse ó medio no que viven, levaas a desenvolver os órganos máis necesarios para sobrevivir e a atrofia de outros que non teñan un uso necesario ás novas condicións ambientais. Esta teoría ten un carácter **funcionalista**, dado que a súa premisa fundamental é que **a función (uso) crea o órgano**. Unha vez adquiridos os novos caracteres pola adaptación ao medio, transmitiríanselle hereditariamente pola reprodución sexual aos descendentes. Sen embargo este é o punto no que falla o Lamarkismo, ao advertir a xenética que é imposible a transmisión hereditaria de caracteres adquiridos.

Os presupostos nos que se asenta o lamarckismo son os seguintes:

- **O medio natural varía** ó longo do tempo, e isto esixe ás especies que se adapten as novas necesidades.
- **A función crea o órgano**. As especies adáptanse as novas condicións mediante o desenvolvemento de certos hábitos que transforman os órganos do seu corpo. Aqueles órganos que non son necesarios para as novas condicións atrófanse e poden desaparecer. (Os pingüíns perderon as súas ás converténdose en aletas).
- **A herdanza dos caracteres adquiridos**. As transformacións que sofre un órgano como consecuencia do seu uso son herdadas polos descendentes. Este é o punto no que falla o Lanmarkismo, ao advertir a xenética decátase de que é imposible a transmisión hereditaria de caracteres adquiridos.

A tendencia á perfección provoca que os seres queiran adaptarse ó medio modificando a súa propia estrutura e funcionamento. Lamarck abre unha nova vía de explicación pero a súa proposta presenta defectos insalvables pois é incapaz de xustificar a espontaneidade, será Darwin que lle dea unha solución definitiva...

2.2 Darwin e a teoría sintética

Darwin, no ano 1859, publicou *A orixe das especies por medio da selección natural*. Esta obra desatou unha gran polémica porque cuestionaba a orde divina da creación do mundo. A obra expón a teoría científica mais importante do século XIX, que podemos comparar coa revolución copernicana ou a mecánica de Newton.

A teoría da evolución de Darwin aséntase nas seguintes premisas:

- **Orixe común dos seres vivos**. Todos os seres vivos descenden dunha primeira forma de vida, da que se foron ramificando, as especies que coñecemos hoxe.
- **As especies evolucionan**. As especies aparecen, cambian e extínguense. Aínda que estes cambios danse en milleiros de anos, o que leva a que nós non poidamos observalo no marxe dunha vida.
- **Gradualismo**. O proceso de cambio é progresivo e non hai saltos repentinos dunha especie a outra.
- **A selección natural**. Esta é a proposta máis importante e radical de Darwin. É o motor da evolución. En cada xeración nacen individuos con distintas características particulares. Isto proporciona unha grande variedade xenética. E considerando a teoría de **Thomas Malthus** (Inglaterra 1766-1834) de que as especies medran xeometricamente, mentres que os recursos o fan aritmeticamente, o que leva a unha loita pola supervivencia, Darwin conclúe

que a evolución é o resultado desta **loita pola supervivencia** e a necesidade de **adaptarse a un medio cambiante**.

Os inconvintes da teoría serían fundamentalmente dous:

- Non logra explicar axeitadamente o azar que implica a aparición de pequenas variacións fisiolóxicas e anatómicas.
- Ignorancia dos mecanismo que permiten que se transmitan por herdanza as variacións.

A **teoría sintética da evolución ou neodarwinismo** permitirá responder a estes inconvintes: o xenoma son os xenes idénticos pois non varían dentro da especie. Si un xen sofre unha mutación ésta queda fixada no xenoma transmitíndose á descendencia. No s. XIX Mendel propuxo as leis que rexen a herdanza xenética e xunto aos avances no coñecemento do ADN podemos entender millor como se producen as mutacións.

3. A hominización. A especificidade natural do *Homo sapiens*

A hominización é o proceso biolóxico que favoreceu os cambios dende os primeiros homínidos como os *Australopitecos* hasta o *Homo Sapiens Sapiens* moderno. A **antropoloxía física ou biolóxica** é a que se ocupa do proceso de hominización.

O desafío ecolóxico. A necesidade de sobrevivir nun novo medio como consecuencia dun cambio climático que supuxo pasar dun medio boscoso a unha sabana, foi o que quizais iniciou o proceso evolutivo que levou dos primeiros prehomínidos ó ser humano actual. Este desafío ecolóxico favoreceu certas **modificacións anatómicas e fisiolóxicas**:

- Bipedestación. A liberación das Mans foi o primeiro cambio anatómico significativo do proceso de hominización. A diferenza entre as extremidades anteriores e posteriores provocou cambios morfolóxicos: os dedos dos pes son mais cortos, a planta arquease para soportar o peso do corpo erguido, a columna vertebral adquire forma de “S” a pelve faise mais ancha e curta e a inserción da columna no cráneo permite unha maior alineación da cabeza co resto do corpo. Todo isto permitiu ter un maior alcance na visión así coma grandes desplazamentos en busca de alimento e a fabricación de utensilios e ferramentas.
- Maior tamaño do cerebro: a maior intensidade cerebral e os cambios na alimentación favoreceron á encefalización. O uso de armas permite o desuso da función defensiva da mandíbula así coma a introdución do lume e a cociña dos alimentos permitiu que a dentadura se fixese mais pequena deixando espazo libre no cráneo. A modificación da dieta permitiu un maior aporte enerxético para a actividade cerebral
- O desenvolvemento do aparello fonador favoreceu o emprego dunha linguaxe articulada. Ademais da complexidade neurolóxica a aparición da linguaxe foi posible grazas a un aparello fonador para o que se necesita unha larinxe baixa lonxada da base do cráneo e independente do aparello dixestivo, así ese espazo entre a farinxe e a boca actúa coma caixa de resonancia.
- Retraso do desenvolvemento madurativo debido a que a bipedestación modificou a pelve fai que dependamos dos proxenitores para sobrevivir. Un estado de *neotenia* que no ser humano dura moito mais comparándoo ao resto das especies biolóxicas.

4. A humanización

Paralelamente ós cambios anatómicos que experimentou o home no proceso de hominización, tiveron lugar outros cambios psicofísicos e conductuais que constitúen o proceso de humanización, que como dixemos, vai paralelo ó primeiro e que propiciou a aparición da cultura e a técnica. As condutas adquirense por procedementos de ensaio erro e se transmiten por imitación. Este é o elemento diferencial máis importante co resto dos seres vivos. A **antropoloxía cultural** é a disciplina que estuda este proceso.

A humanización é o proceso cultural que nos conduce de homínidos a seres humanos e algúns dos feitos que fixeron posible este salto son os seguintes:

- **O dominio do lume.** Cando o Titán **Prometo** lle rouba o lume ós Deuses para entregarllo ó home, os gregos están significando neste feito, o descubrimento do lume, como o salto diferencial do home con respecto ó resto dos seres vivos e como símbolo do nacemento da cultura, como técnica e destreza que nos permite dominar a natureza. O home é o único animal que domina e non ten medo ó lume.
- **Fabricación de ferramentas e utensilios.** Permitiu potenciar capacidades que irán mais alá das nosas posibilidades físicas. A aparición de ferramentas cortantes, anzois, lanzas, etc.. aumentaron considerablemente a nosa supervivencia e converteunos nun súper depredador na cadea alimenticia. A fabricación de utensilios esixe destrezas complementarias coma planificar e deseñar actividade claramente estimuladoras do desenrolo cerebral. Ademais a habilidade para manipular potencia a especialización funcional das mans.
- A aparición da **agricultura e gandería**. As sociedades nómades, cuxo medio de subsistencia era a caza e recolección, dependían dun recurso incerto e ás veces escaso. Por iso a aparición da agricultura e a gandería supuxo un cambio radical ó pasar a unha situación de excedentes. Isto permitiulle ó home converterse en sedentario e dispor de maior tempo para outras aprendizaxes menos vinculadas ás necesidades básicas.
- **A relixión e a arte.** Os rituais máxicos de propiación invocaban ó sobrenatural para conseguir un beneficio. A manifestacións artísticas en honor aos mortos permiten intuír que crían na vida trala morte.
- **A caza** implica un despliegue de actividades que estimulan o desenrolo da intelixencia (cooperación, organización, planificación...)
- **Organización social.** A desaparición do nomadismo favoreceu os asentamentos permanentes arredor dos cales xorden as primeiras comunidades sociais. Esta “socialización” introduce ao home nun novo espazo cultural e político que nos leva hasta o home contemporáneo, onde a linguaxe e a cultura son os elementos diferenciais na escala evolutiva.
- **A conduta sexual** nos seres humanos é independente dos períodos de fertilidade e isto influiu na aparición duns lazos afectivos mais intensos e duradeiros.



4.1 Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos

O termo cultura deriva do verbo latino “colere” que significa cultivar. Cultum significa agricultura, “cultus” refírese á propiedade que ten un campo de estar cultivado. A cultura poderíamos dicir que é a segunda natureza dun ser humano xa que é algo tan consustancial coma os seus rasgos anatómicos ou fisisolóxicos por iso a antropoloxía cultural estuda a cultura comparando distintos tipos de vida humana pois dialogar con outras culturas permitiranos comprendernos e comprender ó ser humano coma ser que necesita convivir pois non é o individuo illado senón a sociedade a que é capaz de elaborar cultura. Podemos distinguir entre cultura material e mental.



A primeira formulación explícita de **cultura** débese ó antropólogo británico **E. B. Taylor**:

“ Cultura ou civilización, tomada no seu amplo senso etnográfico, é ese complexo de coñecementos, crenzas, arte, moral, dereito, costumes e calesquera que outras aptitudes e hábitos que o home adquire coma membro dunha sociedade”

Características de algunhas das teorías da cultura mais relevantes:

- Cultura coma xeito superorgánico de adaptación mais versátil e eficaz que a adaptación biolóxica.
- Cultura coma información aprendida e transmitida pero tamén coma creadora en acción.
- Cultura coma resposta aos desexos e necesidades.
- Cultura coma factor de humanización.
- Cultura Coma quefacer histórico
- Cultura coma sistema de símbolos compartidos que dan senso a nosa vida.

4.2 Subcultura e contracultura

As persoas que constitúen unha mesma cultura non a viven do mesmo xeito de aí que falemos de subcultura. Por outra banda cando se dan movementos de rebelións contra a cultura hexemónica podemos falar de contracultura coma a que manifestan as diferentes tribus urbanas, as bandas delinquentes ou os grupos sociais alternativos...pero non sempre perseguen crear alternativas pois ás veces son unicamente expresión de malestar.

4.3 Aculturación, diversidade cultural, multiculturalismo e identidade cultural

- A **aculturación** é o fenómeno polo que ó estar en permanente contacto unhas culturas con outras intégranse e se asimilan elementos. As consecuencias da globalización é a redución das diferenzas interculturais e o multiculturalismo.
- A **diversidade cultural** xurde do contacto con outras culturas e da reacción a elas.



Ilustración 1.

Vexamos os diferentes explicacións do fenómeno:

Diversidade cultural		
Evolucionismo liñal	L.H.Morgan, E.B Taylor	Parte dun darwinismo cultural que considera que as sociedade pasan por fases evolutivas dentro dunha mesma escala: salvaxismo(caza e recolección), barbarie(agricultura e metalurxia), civilización (cultura urbana e con coñecemento da escritura)
Difusionismo	G.E.Smith, F. Ratzel, L. Frobenius	Hai culturas emisoras das que se estenden elementos civilizadores debido as migracións e ao transporte a outras receptoras.
Particularismo histórico	F. Boas, Ruth Benedith, Margaret Mead, Marvin Harris	Cada cultura é única e debe xulgarse e analizarse dende sí mesma. Non hai xerarquías pois todas teñen igual valor. É unha postura que defende o relativismo cultural.
Estruturalismo	C. Levi- Strauss	As diferenzas culturais son manifestacións de estruturas mentais inconscientes que subxacen a tódalas culturas coma o parentesco.
Funcionalismo	B. Malinowski, R. Radcliffe- Brown	A historicidade non conta tanto senón que consideran que as necesidades biolóxicas e psicolóxicas humans permiten explicar a diversidade coma diferentes formas de resposta.

Ante a diversidade cultural pódense dar diferentes actitudes:

ETNOCENTRISMO	A cultura propia é superior ás demais e dende ela se valoran
RELATIVISMO CULTURAL	Non existe un patrón único cada unha se mide dende sí mesma. As descripcións etic(punto de vista do analista) non serían válidas solo se admiten as emic(punto de vista do nativo). A crítica fundamental é a dificultade de diálogo intercultural e que non evita nin o racismo, intolerancia, romanticismo cultural ou parálisis cultural)
INTERCULTURALISMO	Parte do respecto a outras culturas propugnando un encontro das diferencias en pe de igualdade para así defender á humanidade no seu conxunto valorando a diversidade coma fonte de enriquecemento mutuo.

- **O multiculturalismo** dase cando conviven persoas de culturas diversas, diversos núcleos culturais están relacionados. Os modelos de multiculturalismo poden ser: multinacionalismo(conviven diversas nacionalidades), polietnicidade (grupos étnicos pouco integrados froito da inmigración) e grupos marxinais (mulleres, discapacitados, anciáns, homosexuais...)

O multiculturalismo é un feito e o interculturalismo é unha actitude ante ese feito.

4.4 Os universais culturais

A pesar das diferenzas entre as culturas pódense observar elementos comúns coma a linguaxe, os mitos, os tabús, a relixión, a arte ou os rituais.

A linguaxe: é a capacidade de transmitir información por iso condiciona unha visión da realidade, a lingua é cultura, é riqueza e coma tal debe preservarse.

Os mitos: presentes en tódalas culturas con temáticas semellantes. O mito ten unha función fundamental pois facilita asimilar explicacións do real suplindo as explicacións racionais. Os mitos son narracións metafóricas, fantásticas, relixiosas, simbólicas ...que axudan á orde e estabilidade social pois proporcionanlle unha orixe sagrada que hai que respetar.

Os tabús: Os antropólogos concordan na existencia de tabús universais, trátanse de prohibicións que afectan a todos os membros dunha cultura. Por exemplo o incesto ou relacións consanguíneas.

A relixión: Conecta coa divindade e os seus textos son sagrados. A relación do humano coa divindade é persoal. O chamanismo, monoteísmo ou politeísmo son manifestacións relixiosas.

A arte: A arte vincúlase ó pensamento simbólico e permite canalizar a necesidade humana de representar o real.

Os rituais: Accións simbólicas e tradicionais que axudan a fortalecer a estrutura social pois mediante a repetición de actos búscase potenciar a identificación do individuo no grupo.

5. Mais alá dos límites humanos: o transhumanismo

O transhumanismo poderíamos dicir que é incursión da ciencia e a tecnoloxía no ser humano a tres grandes niveis: biolóxico, psicolóxico e intelectual. Dende a orixe dos tempos e unido ao proceso de humanización e hominización o que se ten coma obxectivo é millorar cara ao futuro, acadar a perfección...a nivel biolóxico por exemplo non facerse maior, a nivel psicolóxico ou emocional ser felices e a nivel intelectual a intelixencia artificial... A cuestión é analizar críticamente os límites e consecuencias políticas, morais, económicas, sociais, filosóficas.... O transhumanismo pode levar a un posthumanismo? A fin da especie humana?

6. Complexidade psíquica e identidade persoal

Cómo definirnos a nos mesmos?

6.1 Estrutura psicosomática da persoalidade e ámbitos do psiquismo

AS FACULTADES COGNITIVAS

A mente humana é froito da actividade do sistema nervioso o cal nos capacita para diferentes funcións. Podemos falar de catro facultades: sensibilidade, razón, imaxinación e memoria.

Sensibilidade: exteroceptores (os cinco sentidos) e interoceptores (son os *propioceptores* que informan da posición e o control de movementos e os *visceroceptores* encargados do funcionamento dos órganos). Facúltanos para captar sensacións e percibir.

Imaginación: integra as imaxes de xeito unitario (pois percibimos pola sensibilidade estímulos múltiples e a imaxinación os aúna).

Memoria: é o almacén do coñecemento pois conserva a información.

Razón: facultade cognitiva superior. Conecta e avalúa o percibido facendo operacións cognitivas complexas e producindo coñecementos novos.

OS AFECTOS

Basicamente distinguimos catro tipos de afectos:

Sentimentos: afectos estables e duradeiros que non necesitan estímulo desencadeante. Por exemplo amor, odio, amizade, envexa.

Emocións: alteracións do ánimo provocadas por un estímulo externo e soen ser intensas pero duran pouco no tempo. Por exemplo: medo, rabia, vergoña, euforia, entusiasmo, sorpresa.

Paixóns: intensas coma as emocións e duradeiras coma os sentimentos pero descontrolada.

Estado de ánimo: duradeiro no tempo sen alteracións, depende do carácter e dos acontecementos. Por exemplo optimismo, felicidade, melancolía, depresión.

DESEXOS E VOLICIÓNS

Trátase de fenómenos mentais diferentes que xurden ante a posibilidade de realizar unha acción. A diferenza fundamental parte da percepción e posibilidades que o suxeito que os ten de poder acadar os seus obxectivos.

Proceso:

1º Representación do que se quere ou desexa

2º Carga emotiva que impulsa a quere-lo ou desexalo

Volición: querer realizar algo e estar disposto a facer o necesario para que ocorra.

Desexo: asume o recoñecemento de dificultades para que aconteza.

6.2 A identidade

A **identidade persoal** é o concepto que cada un ten de si mesmo e ten carácter dinámico pois pode cambiar, é o que nos define diferenciándonos dos demais dun xeito consciente. A nosa identidade persoal configura a nosa persoalidade e moldea a nosa conduta. Determina o temperamento (innato) e o carácter (adquirido), as actitudes e intereses.

A **identidade social** ou colectiva, pola súa banda, é aquela segundo a cal unha persoa, por pertencer ou sentirse afín a determinados grupos sociais (espirituais, nacionais, profesionais, laborais, etc.), asume un conxunto de trazos propios de esta comunidade, este sentimento de pertenza axuda ao individuo a forxar ou definir o seu concepto de si mesmo e o seu lugar na sociedade.

A **identidade de xénero** é o xeito no que unha persoa se concibe a si mesma en relación ó xénero. A identidade de xénero fai referencia a como expresamos a nosa sexualidade (cisxénero, transxénero, heterosexual, bisexual, homosexual, asexual, transexual, intersexual, xénero fluído, sin xénero, bixénero, interxénero, terceiro xénero, panxénero...)

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1.	Autoría: Propia